| MU-B3.1 | 3º-MUB3.1.2 - Recoñece e interpreta manifestacións da danza identificando e explicando con linguaxe | Non se traballa este estándar | | | | PROCEDEMENTOS: INSTRUMENTOS: | CCEC |

| | | | | | | | |
|---------|---|-------------------------------|---|---|---|--|-----------|
| | técnica adecuada a época histórica á que pertencen. | | | | | | |
| MU-B3.1 | 3º-MUB3.1.3 - Distingue e explica as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo da historia. | | X | X | X | <p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.</p> | CCEC, CCL |
| MU-B3.2 | 3º-MUB3.2.1 - Amosa interese por coñecer música de diferentes épocas e culturas como fonte de enriquecemento cultural e satisfacción persoal, elaborando algún proxecto de investigación e exposición | | X | X | X | <p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Investigacións. Producións orais.</p> | CCEC, CAA |
| MU-B3.3 | 3º-MUB3.3.1 - Relaciona as cuestións técnicas aprendidas vinculándoas ás épocas da historia da música correspondentes. | | X | X | X | <p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Posta en común. Proba obxectiva.</p> | CCEC, CAA |
| MU-B3.4 | 3º-MUB3.4.1 - Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música e as tendencias musicais. | | X | X | X | <p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.</p> | CCEC, CSC |
| MU-B3.4 | 3º-MUB3.4.2 - Examina e explica con criterio musical a relación entre os acontecementos históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade. | Non se traballa este estándar | | | | <p>PROCEDEMENTOS:</p> <p>INSTRUMENTOS:</p> | CCEC, CCL |
| MU-B3.5 | 3º-MUB3.5.1 - Emprega | | X | X | X | <p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> | CCL |

| | | | | | | | |
|---------|--|--|---|---|---|---|---------------|
| | un vocabulario adecuado para describir percepción e coñecementos musicais. | | | | | INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. | |
| MU-B3.5 | 3º-MUB3.5.2 - Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade. | Comunica coñecementos e opinións musicais de xeito oral e por escrito | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Posta en común. Proba obxectiva. | CCL |
| MU-B3.6 | 3º-MUB3.6.1 - Utiliza diversas fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións. | Utiliza diversas fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, representatntes, grupos de música popular , etc | | | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Investigacións. Producións orais. | CD |
| MU-B3.6 | 3º-MUB3.6.2 - Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias. | | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Posta en común. | CAA |
| MU-B4.1 | 3º-MUB4.1.1 - Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical. | | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións musicais. | CD, CCEC |
| MU-B4.1 | 3º-MUB4.1.2 - Participa en todos os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías. | | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións musicais. | CSC, CSIEE |
| MU-B4.2 | 3º-MUB4.2.1 - Utiliza con | | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos | CD, |

| | | | | | | | |
|--|--|--|--|--|--|--|-----|
| | autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. | | | | | alumnos/as. INSTRUMENTOS: Investigacións. Producións orais. | CAA |
|--|--|--|--|--|--|--|-----|

* Indícase entre paréntese a porcentaxe de ponderación de cada instrumento de avaliación, no caso de haber máis dun, de cara a obter a cualificación final.

TEMPORALIZACIÓN:

2º ESO:

1º trimestre:

1-Linguaxe musical I :

-O TONO :pentagrama, notas, clave, tono e semitono, alteracións accidentais.

-A DURACIÓN: figuras e silencios,ligadura e puntillo

2-A voz:

-Os órganos da voz

-A voz cantada. Funcionamento.

2º trimestre:

1-Linguaxe musical II:

-O RITMO: os compases

-O TEMPO: Indicacións do tempo

2-Os instrumentos da orquestra

3º trimestre:

1-Linguaxe musical III:

-A escala maior.

-Intervalos.

-Acordes.

2-Edición de partituras. MUSESCORE.

3º ESO:

1º trimestre:

-A música na Idade Media. Características. Principais representantes.

-A música no Renacemento. Características. Principais representantes.

2º trimestre:

-A música no Barroco. Características e principais representantes.

-A música no clasicismo. Características e principais representantes.

3º trimestre:

-A música no Romanticismo. Características. Principais representantes.

-A música no século XX. Principais vangardas musicais.

En todos os trimestres se realizarán actividades de práctica vocal

5.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

O marco metodolóxico ao que se referirán as propostas empregadas na materia de música baséase no traballo en equipo, a capacidade dos alumnos para aprender por sí mesmos e os diferentes ritmos de aprendizaxe.

Na materia de Música a **metodoloxía é esencialmente participativa e activa**, e favorecerá tanto p traballo individual coma colectivo. Tanto en 2º coma en 3º os alumnos realizarán traballos de investigación sobre diversos temas, exposicións orais, declamacións de distintos tipos de textos T, actividades de canto individual e colectivo e actividades de práctica instrumental. Todas elas se relacionan estreitamente co emprego deste tipo de metodoloxías

O emprego desta metodoloxía nas actividades citadas favorece o logro dos obxectivos e das competencias clave.

En canto aos **obxectivos**, destacaría particularmente aqueles que teñen que ver coa práctica da cooperación e solidariedade coas persoas e grupos, os hábitos de disciplina no marco do traballo en equipo, o desenvolvemento de destrezas básicas no emprego das fontes de información, o desenvolvemento da confianza en eles mesmos, a participación e a autonomía persoal, a correcta expresión oral e por escrito, a expresión nunha lingua estranxeira (nas seccións bilingües de música en inglés e en francés), a posta en valor do noso patrimonio cultural –de xeito especial o musical-, o coñecemento do funcionamento do noso corpo –especialmente coas partes que interveñen na produción da voz-, e a apreciación da creación artística.

Respecto do **logro das competencias clave**, a materia de música contribúe dun xeito especial á adquisición da conciencia e expresión culturais, das competencias cívicas e sociais, da competencia para aprender a aprender, pero tamén á adquisición da competencia lingüística e dixital máis indirectamente.

Asimesmo, e dun xeito especial a través do programa de seccións bilingües (hai dúas seccións de música en inglés en 2º da ESO e unha sección de música en francés en 3º da ESO), dende a nosa materia promóvese o **traballo en equipo do profesorado**, neste caso concreto co profesorado de francés e inglés.

Tamén dun xeito especial a través dos programas de Sección Bilingües promoveráanse **actividades de aprendizaxe integradas** a través das cales os alumnos traballarán diferentes competencias, particularmente a cultural e artística e a competencia lingüística, entre outras .

Tamén dentro da metodoloxía empregada adicamos especial atención á **expresión oral e escrita** así coma á **integración das TIC**. Dende o departamento xestiónanse dous blogues para os alumnos das seccións bilingües.

Para finalizar, dicir que terase sempre presente o principio de **atención a diversidade** de xeito que serán tomadas as medidas oportunas sempre e cando se detecten dificultades. As devanditas medidas poderían ser ou non significativas .

6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Tanto en 2º coma en 3º , os alumnos teñen dúas sesións semanais. Unha das sesións terá lugar na aula ordinaria e a correspondente á clase de práctica vocal e/ou instrumental terá lugar no Laboratorio de Física que na práctica é empregado polo profesorado como aula de desdobres.

Os recursos didácticos e materiais con que contaremos este curso son os seguintes:

- Teclado electrónico (na aula de desdobres)
- Plataforma EDIXGAL
- BLOGUES
- Fichas de traballo entregadas polo profesor.

- **NON HAI LIBRO DE TEXTO OBRIGATORIO EN NINGÚN NIVEL.**

7.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Os criterios específicos de calificación de cada avaliación tanto en 2º coma en 3º organizaranse en base aos 4 bloques en que se estrutura o currículo de Música (Interpretación, Escoita, Contextos Culturais e Tecnoloxías).

Os distintos estándares de aprendizaxe serán avaliados a través de distintos instrumentos de avaliación. Algúns dos estándares será avaliado a través de máis dun instrumento.

Indico a continuación os instrumentos empregados , a porcentaxe que lles corresponde á hora de avaliar e os bloques do currículo que se relacionan con cada un destes instrumentos por cursos.

2º ESO

Criterios de avaliación (referidos aos estándares de aprendizaxe básicos)

1-Recoñecer os elementos básicos da linguaxe musical así coma a súa representación gráfica.

2-Recoñecer todos os elementos da representación gráfica da música traballados na aula.

3-Participar activamente nas actividades de interpretación vocal, respectar as consignas que implica a actividade de canto colectivo seguindo as indicacións da profesora/directora.

4-Identificar os timbres dos instrumentos e as voces.

5-Realizar traballos que reflectan a relación da música coa linguaxe publicitaria.

6-Utilizar os recursos tecnolóxicos para a edición de partituras

Criterios e instrumentos de cualificación

-PROBA ESCRITA 30% (avaliará os estándares de aprendizaxe relacionados cos bloques I e II). Instrumento de avaliación : proba obxectiva.

-PRÁCTICA VOCAL E/OU INSTRUMENTAL 50% (avaliará os estándares de aprendizaxe relacionados co bloque I). Instrumento de avaliación : Rúbrica . Observación sistemática.

Este criterio desglosaríase do seguinte xeito:

1-Preparación (20%). Ter o material obrigatorio (lápiz e partituras) , puntualidade e silencio.

2-Atención e participación(30%):

-Antes, durante e despois da actividade de canto

-Atención ás consignas da profesora

-Contribución ao bo clima da actividade de conxunto respectando a todos os compañeiros e aportando, con sentido crítico a propia opinión para mellorar este traballo colectivo.

-TRABALLO DE CLASE E CASA (e traballos obrigatorios , non en todos os trimestres) 20% Instrumento de avaliación: Rexistro anecdótico.

3º ESO

Criterios de avaliación (referidos aos estándares de aprendizaxe básicos)

1-Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).

2-Coñecer os principios básicos da composición musical ao longo da historia.

3-Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación.

4-Analizar distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición.

5- Recoñecer auditivamente e determinar a época ou a cultura á que pertencen distintas obras musicais.

5-Identificar e describir algúns elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación e variación) dunha obra musical .

6-Distinguir, situar e caracterizar as grandes épocas da historia da música así coma relacionar as cuestións técnicas aprendidas coas características das épocas da historia musical.

Criterios e instrumentos de cualificación:

-PROBA ESCRITA 40% (avaliará os estándares de aprendizaxe relacionados cos bloques I e IV).Instrumento de avaliación : proba obxectiva.

-PRÁCTICA VOCAL E/OU INSTRUMENTAL 40% (avaliará os estándares de aprendizaxe relacionados co bloque I). Instrumento de avaliación : Rúbrica de práctica vocal colectiva.

-TRABALLO DE CLASE/CASA (e traballos obrigatorios , non en todos os trimestres) 20%

Recuperación de avaliacións suspensas:

Se non obtivera unha avaliación positiva nalgún dos trimestres, o alumno poderá recuperar esa avaliación a presentándose a un exame final en xuño para a recuperación das avaliacións suspensas.

Normas de obrigado cumprimento para obter unha avaliación positiva na materia:

-A calificación mínima para aprobar será de 5 sobre 10

-Non facer algunha das probas ou traballos encomendados conlevará a avaliación negativa na materia

-Ter a libreta con todas as actividades e tarefas traballadas no trimestre.

EXAMES EXTRAORDINARIOS DE SETEMBRO

Aqueles alumnos que non tiveran superado a materia tras a recuperación de Xuño, deberán presentarse en Setembro con toda a materia para a realización dun exame escrito o cal incluiría todo o traballado durante os tres trimestres.

O exame tería similares características aos realizados durante o curso tanto en 2º coma en 3º da ESO.

Para superar a materia será preciso obter un 5 no exame.

Na convocatoria extraordinaria de Setembro, non hai proba de práctica vocal ou instrumental.

8.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Indicadores de logro

4: moito, case sempre

3: bastante, con frecuencia

2: pouco, algunhas veces

1: case nada, raras veces

| | DIVERSIDADE | 1 | 2 | 3 | 4 |
|----------|--|---|---|---|---|
| 1 | <u>¿Qué fago para coñecer a composición da clase?</u> | | | | |
| | -Pasar unha prueba ao comezo do curso escolar. | | | | * |
| | -Ler os informes anteriores. | * | | | |
| | -Ver os resultados da avaliación | | | * | |

| | | | | | |
|----------|---|---|---|---|---|
| | -Ma facilita o xefe/-a de estudos | * | | | |
| | -Ma facilitan nas reunións de grupo | | | * | |
| 2 | <u>Teño en conta a diversidade á hora de organizar a clase, de crear os grupos.</u> | | | * | |
| 3 | <u>A miña programación ten en conta a diversidade</u> | | | * | |
| 4 | <u>Dou a cada alumno a información que precisa</u> | | | | * |
| | -En grupo grande | | | | * |
| | -En grupo pequeno | | | * | |
| | -De forma individual | | * | | |
| 5 | <u>Teño en conta aos alumnos que se alexan da media nos resultados (tanto á alza coma á baixa)</u> | | | * | |

| | PROGRAMACIÓN | <u>1</u> | <u>2</u> | <u>3</u> | <u>4</u> |
|----------|--|----------|----------|----------|----------|
| 1 | <u>Consulta a programación ao longo do curso e se é preciso fago as oportunas anotacións</u> | | | | * |
| 2 | <u>Recollo na miña programación as competencias que son básicas e fundamentais</u> | | | | * |
| 3 | <u>Ao confeccionar a programación teño en conta o contexto</u> | | | | * |
| 4 | <u>Ao comezo de cada novo traballo, proporciono aos alumnos toda a información que necesitan(aspectos a traballar, obxectivos, recorrido que imos efectuar, actividades a realizar e competencias a desenrolar)</u> | | | | * |

| | ACTIVIDADES NA AULA | <u>1</u> | <u>2</u> | <u>3</u> | <u>4</u> |
|----------|---|----------|----------|----------|----------|
| 1 | <u>Os alumnos e alumnas traballan da seguinte maneira nas miñas clases</u> | | | | * |
| | De forma individual | * | | | |

| | | | | | |
|----------|---|---|---|---|---|
| | Por parellas | | * | | |
| | En grupos reducidos | | | * | |
| | En grupos grandes | | | | * |
| 2 | <u>Os exercicios que propoño son do seguinte tipo</u> | | | | |
| | Cerrados, dirixidos, do libro | * | | | |
| | Abertos, proxectos, etc. | * | | | |
| | Facilitan o traballo cooperativo. | | | | * |
| 3 | <u>Na metodoloxía que aplico</u> | | | | |
| | -Utilizo ferramentas TIC | | | | * |
| | Propoño actividades para facilitar a aprendizaxe autónoma. | | | | * |
| | Baséome nas explicacións teóricas no libro. | | * | | |
| 4 | <u>¿Cómo paso as horas lectivas? (promedio)</u> | | | | |
| | Conseguindo silencio | * | | | |
| | Impartindo teoría e explicacións. | | * | | |
| | Respondendo a preguntas, fomentando a participación, desenrolando prácticas, etc. | | | * | |
| | Observando | | | * | |
| | Corrixindo aos alumnos e alumnas de xeito individual | | * | | |

| | <u>AVALIACIÓN</u> | <u>1</u> | <u>2</u> | <u>3</u> | <u>4</u> |
|----------|--|-----------------|-----------------|-----------------|-----------------|
| 1 | <u>Antes de comezar unha unidade, explico aos alumnos qué evaluarei e en base a qué</u> | | | | * |
| 2 | <u>Utilizo diferentes tipos de probas</u> | | | | |

| | | | | | |
|----------|---|---|---|---|---|
| | Exames escritos | | * | | |
| | Exames orales | | | | * |
| | Traballos individuais | | | | * |
| | Traballos en equipo | | | | * |
| 3 | <u>Unha vez rematada a unidade evalúo a idoneidade dos recursos e das actividades empregadas no proceso de aprendizaxe</u> | | | | |
| | Non | * | | | |
| | De maneira individual | | * | | |
| | En grupo | | | * | |
| | Cos alumnos | * | | | |
| 4 | <u>Entre avaliacións programo algún plan de recuperación dependendo dos resultados obtidos polos alumnos</u> | | * | | |

9.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

A continuación indico os contidos , criterios e instrumentos de avaliación para a recuperación de materias pendentes en 2º e 3º da ESO.

2º ESO

CONTIDOS

1ª Avaliación

1-Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical.

2-Representación gráfica do son(colocación das notas no pentagrama, a clave de sol, as figuras e os silencios, signos que afectan á intensidade do son, indicacións rítmicas e de tempo, compases de 2/4, 3/4 e 4/4). .

3-A voz como medio de expresión musical . Funcionamento do aparato da voz . Tipos de voces

4-Os instrumentos da orquestra: clasificación e discriminación auditiva dos mesmos.

2ª Avaliación

1-A música ao servizo doutras linguaxes: a música na publicidade.

2-Edición de partituras . Musecore

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1-Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical a través da lectura e interpretación de sinxelos fragmentos musicais.

2-Distinguir os elementos da representación gráfica da música

3-Discriminar os timbres e tesituras dos diferentes instrumentos e voces.

4-Realizar traballos que reflectan a relación da música coa linguaxe publicitaria.

5-Utilizar os recursos tecnolóxicos para a edición de partituras.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

-Proba obxectiva (contidos 1 e 2)

-Audición.Investigación.Cuestionario (3)

-Exposición dun tema (contido 4)

-Análise das produción dos alumnos: edición dunha partitura sinxela (contido 5)

3º ESO

CONTIDOS

1ª Avaliación

1-A música da Idade Media, Renacemento e Barroco. Características e principais representatntes.

2-Audición e análise de obras vocais de distintas épocas da historia da música.

Idade Media ,Renacemento e Barroco.

2ª Avaliación:

1-A música do calsicismo e Romanticismo. Características e principais representatntes.

2-Audición e análise de obras vocais de distintas épocas da historia da música: Clasicismo e Romanticismo.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1-Coñecer as características da música clásica occidental das diferentes épocas e os seus principais representantes.
- 2-Recoñecer auditivamente os rasgos estilísticos distintivos de cada época da Hª da música clásica occidental.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Fichas de traballo proporcionadas aos alumnos con anterioridade

Realizarase un **seguimento personalizado** das tarefas encomendadas aos alumnos .

As **datas** establecidas pola xefatura de estudos para as probas de recuperación de pendentes servirán de referencia para a distribución das tarefas ao longo do curso.

De non ser entregados os traballos nas datas convidas os alumnos deberán presentarse a un exame final na data e hora sinalada no mes de Maio..

10.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Establécese unha proba de avaliación inicial para todo o alumnado de 2º ESO coa finalidade de coñecer cales son as súas competencias e os seus coñecementos previos.

A proba levarase a cabo dentro das tres primeiras semanas iniciais do curso. O obxectivo é coñecer cal é a formación adquirida na etapa de primaria posto que non cursan música en 1º de ESO. Da análise dos resultados derivarase a adopción de medidas de atención á diversidade non significativas correspondentes. Tratarase, en todo caso, dunha proba obxectiva escrita con preguntas relacionadas cos contidos correspondentes da etapa de primaria pero tamén referidas á relación que os alumnos teñen coa asignatura (formación musical xeral, integración nalgún grupo musical, gustos musicais, etc).

De ser precisa algunha adaptación curricular, será vía intermediación do departamento de orientación que indicará a preceptividade das mesmas.

11.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Tal e como xa indiquei no epígrafe 10 (Deseño da avaliación inicial e medidas que se poidan adoptar como consecuencia dos resultados) e 5 (Concrecións metodolóxicas), a atención á diversidade será un principio rector da intervención educativa na materia (non só alumnos NEE e alumnos NEAE).

A partires da detección temprana das dificultades, se as houber, tomaranse todas aquelas medidas que sexan da nosa competencia. No caso de que fose preciso implementar medidas de maior calado , informarase ao departamento de orientación para coñecer se xa existe un diagnóstico previo ou se sería preciso iniciar un estudo do caso .

Nas primeiras semanas de clase , o funcionamento de cada grupo- clase permitirá extraer conclusións sobre a oportunidade de levar a cabo cambios de tipo organizativo, ou poñer en marcha unha metodoloxía específica de traballo segundo as características dos grupos.

En calquera dos casos, tanto a acción titorial coma a orientación educativa terán un papel fundamental.

12.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO

O DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia , no seu artigo 4 di “ A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen

prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa. “

Indico, a continuación, a correspondencia entre os elementos transversais e os estándares de aprendizaxe relacionados:

1-Compresión lectora, expresión oral e escrita:

2º-MUB1.1.1, 2º-MUB2.4.1, 2º-MUB2.4.3, 2º-MUB2.5.2, 2º-MUB3.4.1, 2º-MUB3.4.2, 2º-MUB3.5.1, 2º-MUB4.2.1, 3º-MUB1.3.1, 3º-MUB2.5.13ºMUB3.1.3, 3º-MUB3.5.1, 3º-MUB3.5.2, 3º-MUB3.6.1

2-Tecnoloxías da información:

2ºMUB4.1.1, 2ºMUB4.1.2, 3ºMUB4.1.1

3-Emprendemento:

2ºMUB1.4.2, 2ºMUB1.4.5, 2ºMUB1.5.2, 2ºMUB2.5.2, 2ºMUB4.1.2, 3ºMUB1.4.5, 3ºMUB1.4.4, 3ºMUB1.6.1, 3ºMUB2.4.13ºMUB3.2.1, 3ºMUB4.1.2, 3ºMUB4.2.14

4-Educación cívica:

2ºMUB1.5.2, 2ºMUB1.6.4, 2ºMUB1.6.5, 2ºMUB2.3.1, 2ºMUB2.5.1, 2ºMUB2.5.2, 2ºMUB3.1.22ºMUB3.3.13ºMUB1.4.13ºMUB1.4.2, 3ºMUB1.4.4, 3ºMUB1.4.5, 3ºMUB1.5.2, 3ºMUB1.6.3, 3ºMUB1.6.4, 3ºMUB1.6.53ºMUB2.3.1

13.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Está prevista a participación do alumnado na celebración do día de Europa mediante a interpretación vocal de diversos temas aínda por concretar.

Asimesmo, o departamento de Música está aberto a calquera tipo de colaboración que lle sexa proposta por outros

departamentos ou pola dirección do centro.

Está previsto tamén que, se unha vez iniciado o curso temos coñecemento dalgunha actividade de interese para os alumnos instentaríase incorporar tras informar preceptivamente ás persoas ou aos órganos competentes.

14.- APLICACIÓN DOS PLANS E PROXECTOS DE CENTRO

En relación co **plan para a introducción das TIC**, o departamento de música xestiona dous blogues un en 2º e outro en 3º

(twelvenotesclub.blogspot.com e maboiteajoujoux.blogspot.com). A través deste tipo de plataformas preténdese dar continuidade ao traballo da clase, proporcionar actividades ou recursos de ampliación e ofrecer a posibilidade de que os alumnos interveñan expoñendo as súas opinións sobre os mesmos/-as.

Respecto ao **proxecto lingüístico do centro** (pendente de elaboración), cabe salientar a contribución do departamento á dinamización lingüística a través da participación no programa de Seccións Bilingües . Hai dúas seccións bilingües de música en inglés en 2º da ESO e unha en francés en 3º da ESO.

Por último, en canto ao **plan lector** , ao longo do curso os alumnos traballarán con textos de diferentes tipos coa finalidade de consolidar as súas aprendizaxes.

15.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

A avaliación da propia programación ten lugar en tres momentos diferenciados:

1. Ao comezo, cando ten lugar a comprobación de que **a planificación se fixo correctamente** e se concretaron as unidades de programación con todos os elementos curriculares
2. No transcurso do curso, a **reorientación continua** derivada da aplicación na aula da programación didáctica e a súa **adecuación ao contexto específico do grupo-clase**. Os cambios derivados de tal reorientación serán reflectidos nas actas de departamento

correspondentes.

Será entón, partir do devandito **análise** cando se establezan as **medidas de mellora** que se consideren oportunas.

3.Por último, **tras a aplicación total da programación**, cando se teña unha mellor perspectiva completárase cos resultados dos anteriores aspectos.

A **conxunción destes momentos** xera suficiente información para chegar a conclusións que den soporte á función formativa da avaliación e permitan, se fose preciso, reconducir e mellorar as programacións, os seus procesos de aplicación e os resultados da súa posta en marcha

ASPECTOS SUSCEPTIBLES DE ANALIZAR COMO PARTE DA REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Escala de valoración

Inadecuado 0 Escasa ou nula constancia. Non se alcanzan os mínimos aceptables e necesita unha mellora sustancial

Insuficiente 1 Omitense elementos fundamentais do indicador establecido

Básico 2 Evidénciase cumprimento suficiente do indicador establecido

Competente 3 Evidénciense prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia e dominio técnico no indicador establecido

Excelente 4 Evidénciense prácticas excepcionais e exemplarizantes, modelos de referencia e de boas prácticas.

Indicadores

1-Organizáronse e secuenciáronse o los estándares de aprendizaxe avaliábles en relación ás distintas unidades de programación

- 2-Definíronse os indicadores de logro vinculados aos estándares de aprendizaxe
- 3-Asociáronse os estándares de aprendizaxe , os instrumentos de avaliación e os indicadores de logro
- 4-Diséñase a avaliación inicial e defínense as consecuencias dos seus resultados
- 5- Medidas de atención á diversidade relacionadasco grupo específico de alumnos:
 - Téñense en conta co grupo específico de alumnos medidas xerais de intervención educativa.
 - Contémplanse as medidas específicas de intervención educativa propostas para os alumnos con necesidade específica de apoio educativo.
 - Realízase adaptación curricular significativa de áreas o materias a los alumnos que tiveran autorizada esta medida específica extraordinaria.
 - Defínense programas de apoio, refuerzo, recuperación, ampliación para o alumnado vinculados aos estándares de aprendizaxe. .
- 6-Desenvólvense dende a área estratexias para a animación á lectura e ao desenvolvemento da comprensión e expresión oral e escrita
- 7-Consideración de medidas para incorporar as TIC aos procesos de enseñanza e aprendizaxe.
- 8-Aplícase a metodoloxía didáctica acordada no equipo didáctico a nivel de organización, recursos didácticos, agrupamento del alumnado, etc.
- 9-Identifícase en cada instrumento de avaliación a súa vinculación cos estándares de aprendizaxe
- 10-Empréganse procedementos e instrumentos de avaliación variados
- 11-Información ás familias e ao alumnado dos estándares de aprendizaxe, procedementos e instrumentos de avaliación, criterios de calificación e estándares imprescindibles
- 12-Análisis dos resultados das avaliacións
- 13-Coordinación entre o equipo didáctico

16.-SECCIONES BILINGÜES

O programa de Seccións bilingües pretende contribuir á mellora das destrezas lingüísticas do alumnado a través das diferentes materias non lingüísticas establecendo que o emprego da lingua estranxeira será dun mínimo do 50% .

O presente curso contaremos con dúas seccións bilingües en inglés en 2º da ESO e unha sección en francés en 3º da ESO.

A profesora que impartirá a asignatura de Música será D.María de los Santos Gago (xefa do departamento de Música) e as coordinadoras das seccións en inglés e en francés serán respectivamente D.Josefa Sequeiros e D.Leonor R.odríguez.

O presente curso contamos cunha totalidade de 60 alumnos en 2º da ESO e 31 alumnos en 3º da ESO.

1.OBXECTIVOS

Os obxectivos que se propoñen **dende a materia de Música** para o programa das Seccións Bilingües son os seguintes:

- Mellorar a competencia lingüística dos alumnos dende un punto de vista comunicativo, facendo fincapé no desenvolvemento das destrezas orais. (2º e 3º de ESO)
- Propiciar un achegamento á lingua dende a lectura comprensiva de textos e a posterior realización de actividades relacionadas.(2º e 3º de ESO)
- Ampliar o vocabulario específico da materia e o non específico.(2º e 3º de ESO).
- Fomentar o uso das tecnoloxías da información e a comunicación, mediante o uso de blogues e outros materiais.(tanto en 2º coma en 3º existe un blog de música no idioma correspondente).

-Mellorar a dicción e a fonética da lingua a través da lectura dos textos obxecto de estudo, de textos poéticos e teatrais así coma da actividade específica de expresión vocal e canto.(2º e 3º de ESO).

2.CONTRIBUCIÓN DO PROXECTO BILINGÜE Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

O estudo das linguas estranxeiras supón un importante instrumento para a consecución non só da competencia en comunicación lingüística, senón tamén para o resto das competencias. As linguas son un vehículo esencial para adquirir as demais competencias, así como para formar a cidadáns responsables que saiban relacionarse e comunicar as súas opinións e coñecementos(competencia cívica e cidadá)

Ademais, o coñecemento doutras linguas supón o contacto con outras culturas, o que contribúe ao desenvolvemento de actitudes tolerantes e de respecto cara aos demais.

3. METODOLOXÍAS DE TRABALLO NAS SECCIÓNS BILINGÜES

As seccións bilingües baséanse, desde o punto de vista metodolóxico, nas liñas que establece a aprendizaxe integrada de contidos e lingua (AICLE) ou Content and Language Integrated Learning (CLIL).

-Esta metodoloxía avoga por aproveitar o **limitado tempo lectivo** para que os alumnos melloren a competencia lingüística á vez que adquiren os coñecementos e as destrezas doutra materia.

-A posta en marcha do programa implica a **coordinación semanal** das materias non lingüísticas co profesor especialista de inglés/francés e o traballo en equipo, así como unha participación o máis activa posible do alumnado.

- Priorizarase, en términos xerais, **dinámicas de intervención activas que propicien a participación oral, especialmente no que se refire á comunicación oral e á actividade de expresión vocal e canto.**

-Farase **fincapé máis na comunicación** que na corrección.

É certo que en 3º da ESO os alumnos só levan estudado dous anos de francés (por eso mesmo neste caso a implantación desta lingua farase dun xeito moi progresivo), pero no caso das sección bilingües de 2º da ESO, xa están familiarizados coa lingua dende a educación primaria.

4.0 TRATAMENTO DAS MATERIAS DENTRO DO PROXECTO BILINGÜE

O proxecto bilingüe enriquece e facilita as aprendizaxes, e contribúe á adquisición da lingua extranxeira, pero **non modifica os obxectivos, os contidos nin os elementos de avaliación así coma os procedementos e instrumentos de avaliación.**

De tódolos xeitos cómpre destacar certas **especificacións** relacionadas coa impartición da materia de música en inglés e en francés.

2º ESO

A materia de música en inglés en 2º da ESO xira en torno a tres eixos:

1º-Contidos teóricos básicos relacionados con distintos aspectos da linguaxe musical e aplicación práctica dos mesmos

Os temas a tratar son:

1-As cualidades do son: estudaranse todos os elementos da linguaxe musical relacionados coas diferentes cualidades do son.

2-A voz.

3-Os instrumentos da orquestra

4-A música nos medios de comunicación.

En 2º de ESO, os alumnos non empregarán libro de texto. O profesor proporcionarlles fichas de traballo e partituras.

A plataforma EDIXGAL empregarase coma un recurso auxiliar para tarefas concretas ou para facilitar algunha información de apoio se é necesario.

2º-Práctica vocal

Traballaranse diferentes pezas sempre en inglés de maior a menor dificultad a unha ou mais voces.

As clases terán sempre a mesma organización:

- Aquecemento vocal: vocalizacións, acordes tríadas, arpexios, rondas e canons.
- Traballo do texto en inglés: traducción, fonética, dicción do texto co ritmo da peza
- Canto a capella e posteriormente co acompañamento do piano.

3ºActividades dirixidas á mellora das destrezas orais:

recitado de textos poéticos, exposicións orais ou pequenos cadros teatrais.

3º ESO

Na materia de Música en francés en 3º de ESO, a organización e a metodoloxía empregada será a mesma que en 2º. Porén, os contidos teóricos estarán centrados na historia da música occidental e a práctica vocal terá menos peso na nota(un 40% fronte a un 50%).

Neste curso de 3º de ESO, as actividades de comprensión escrita teñen maior peso que en 2º da ESO debido á maior entidade dos contidos teóricos .

Os contidos teóricos de historia da música en francés trátanse a través de diferentes unidades íntegramente en francés, que lles serán entregadas aos alumnos e que ademais están á súa disposición no blogue de aula.

-En cada unidade comentarase dúas ou tres **audicións empregando a terminoloxía correspondente**.

-Alternarase o francés e o español, **incorporándose progresivamente, ao longo dos tres trimestres a lingua estranxeira**.

-Promoverase o uso da lingua estranxeira polo alumnado para a comunicación oral dende o comezo de curso.

-A **selección dos textos** en francés estará estreitamente relacionado coa aplicación práctica dos seus contidos no comentario das audicións representativas de cada estilo.

-Cada tema conterá un **glosario de termos específicos** considerados fundamentais para o traballo da unidade.

-Ademais do comentario de audición e análise de partituras, realizaranse tamén **tarefas na libreta, íntegramente en francés**, para consolidar os coñecementos obxecto de aprendizaxe. Trataríase de actividades baseadas na lectura, escritura ou escoita de cuestións relacionadas co tema obxecto de estudo.

EXEMPLO:

realizar un *mind map* sobre as diferentes épocas da historia da música clásica occidental, ou facer ao final da unidade un *diagrama de Venn* que ilustre as similitudes e diferenzas entre o canto gregoriano e o canto trovadoresco, completar un texto, etc

-En canto á **práctica vocal**, traballaranse pezas en francés dos diferentes períodos históricos (J'ai vu le loup, Belle qui tiens ma vie..) así como pezas máis actuais.

A dinámica de traballo será a mesma que en 2º para este tipo de actividades.

Pontevedra, a 14 de Setembro de 2018

A xefa do departamento de Música do IES Valle Inclán

